

Morgante lanza dunha tacada catro títulos da serie Cerdedo in the Voyager, da autoría de Calros Solla. Deste xeito, o benemérito autor recolle e centraliza nesta colección de Morgante diversos traballos inspirados no patrimonio cultural do concello de Cerdedo, e que van dende o ensaio e a recolleita de cantigas á creación poética. As catro obras desta fornada son: *Cantares de Manuela de Barro* (2ª edición), *Cerdedo na obra do padre Sarmento*, *Carta arqueolóxica do concello de Cerdedo* e o poemario *Cerdedo in the Voyager I* (2ª edición). En cuestión de días estarán dispoñibles en tódalas librarías galegas.

Cantares de Manuela de Barro

Calros Solla

ISBN: 978-84-963460-8-0

120 páxinas, 10 €

A anterior fornada dos Cantares de Manuela de Barro recollidos por Calros Solla durou menos que unha cesta de pan quentiño á saída dunha escola. Os nosos lectores teñen agora á súa disposición a 2ª edición dos cantares, que engade dous novos cantos de reis como agasallo.

Cerdedo na obra do Padre Sarmento

Calros Solla

ISBN: 978-84-963460-7-3

160 páxinas, 10 €

Pedro García Sarmento e Gosende (frei Martiño Sarmento) naceu no pazo das Raposeiras de Meilide (freguesía de San Xoán de Cerdedo) no ano 1695. Aínda que ingresou no mosteiro bieito de San Martín (Madrid) á idade temperá de 15 anos e só se achegou a Galiza en tres ocasións (anos de 1725, 1745 e 1754), a súa escrita reve o zume señardoso de quen, malia a distancia e as circunstancias, xamais deu a esquecemento a súa natureza galega e cerdedense.

Carta arqueolóxica do concello de Cerdedo

Calros Solla

ISBN: 978-84-963460-4-2

214 páxinas, 12 €

Nesta carta arqueolóxica céibanse do esquecemento cento vinte e cinco xacementos prehistóricos localizados no concello de Cerdedo. Todos os xacementos inventariados foron gravemente alterados ou mesmo destruídos. A meirande parte dos xacementos foron parcial ou totalmente estragados pola acción do home. Ningún dos xacementos goza de medidas para favorecer o seu coñecemento ou para garantir a súa preservación.

Cerdedo in the Voyager I

Calros Solla

ISBN: 978-84-963460-9-7

94 páxinas, 10 €

Cerdedo, dende a Voyager I, dende o universo, é obxecto de preguntas que non atopan resposta e que abafan o autor: Qui sumus?, Unde venimus?, Quo imus?

Son, todas tres, as preguntas transcendentais que estruturan o poemario.

Cada unha destas cuestións é tratada de diferentes xeitos polo poeta que non atopa respostas e que se abandona á desesperanza. Cerdedo, Galiza queren ser dignificados dende e para o universo, buscándolle a finalidade do ser a unha entidade étnica ben determinada, pero non apreciada polos propios.